



BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO CAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL DIRECTOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CUMES DA TERRA CHA IX”, DO QUE É PROMOTOR O CONCELLO DE RÁBADE.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de **persoal director** do Obradoiro Dual de Emprego “Cumes da Terra Cha IX”.

2. POSTO QUE SE CONVOCA:

Nº POSTOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO
1	Personal director

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO DE TRABAJO

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá unha duración de 9 meses e será a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo do concello, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

4. COMETIDO FUNCIONAL

- Coordinación xeral do obradoiro dual de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego. Realizará a coordinación xeral do obradoiro de emprego tanto dos recursos humanos como dos materiais e económicos, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería, entidade promotora e co empresariado. Estará encargado/a das relacións con empresas do sector de cara á busca de posibles contratacións para o alumnado traballador.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e o labor educativo do persoal docente.
- Superior dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.
- Supervisión das asistencias, baixas por enfermidade, incidencias, ... durante o programa de emprego.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarase da xestión e supervisión económica do proxecto así como das actuacións e servizos que se nel se desenvolvan.
- Elaboración de informes e propostas para iniciación de expedientes de tramitación de





subministracións, servizos, convenios...

- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro, licenciatura ou grao: arquitectura, arquitectura técnica, enxeñería de montes ou de camiños, canais e portos.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): CELGA 4 ou equivalente. Carné de conducir tipo B.

6. SISTEMA DE SELECCIÓN

A articulación do proceso de selección está recollida na base xeral 8.

